

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 18 de MAIO/2018 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior: 20.04.18 (Ordinaria).

2º.- Aprobación inicial de expediente de modificación de crédito nº 5/2018 MC SC-CE (Suplemento de crédito - Crédito extraordinario).

3º.- Expediente de contratación da xestión de servizo mediante concesión para a explotación do camping municipal: acordo sobor da proposta de adxudicación.

4º.- Resolución de solicitude de reclamación da empresa FCC, referida ao prezo do contrato de servizo co Concello.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- Dar conta ao Pleno de decretos da Alcaldía. (Emitidos dende o 14/04/2018 ao 09/05/2018).

6º.- Dar conta de informes económicos.

7º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR.
ALCALDE